

DECISIONS E IMPLEMENTACIÓN DE POLÍTICAS PÚBLICAS EN REFERENCIA A PROXECTOS CON INCIDENCIA NO MEDIO AMBIENTE. ESTUDIO DE CASO: CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN XINZO DE LIMIA

MARÍA GARCÍA AÑÓN

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Políticas públicas; Medio ambiente; Concentración parcelaria; Decisión política; Implementación; Eficiencia; Desenvolvemento sostible; Perennidade; Valor económico total.*

Key words: *Public policies; Environment; Concentration of land divided into plots; Politics decision; Implementation; Efficiency; Sustainable development; Perennity; Total economic value.*

Resumo

Seguindo coa traxectoria das convocatorias anuais do Curso Universitario Transdisciplinár de Medio Ambiente (CUMA), que teño a honra de dirixir, e organizadas na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, levouse a cabo na súa VI convocatoria, correspondente a 1994, un traballo de campo (de máis de 50 horas/persona), no que me axudaron oito alumnos do mesmo¹ a face-la parte da investigación relativa ás enquisas seguindo o método DELPHI no municipio de Xinzo de Limia, convidados polo propio Concello², para realizar un estudio de avaliación sobre a concentración parcelaria prevista pola Xunta de Galicia en tres zonas desta localidade ourensá. Aínda que a investigación estaba orientada á análise do impacto ambiental que o proxecto podería ocasionar sobre o contorno, este traballo que se presenta cuestiona, tamén, que o logro dos obxectivos previstos sexa o principal indicador de éxito dunha intervención pública. Así, engadín outro tipo de indicadores cualitativos, necesarios para demostrar se

houbo eficiencia na xestión e na implementación, como son: o desenvolvemento sostible, as externalidades, o factor de perennidade e o valor económico total. Todos eles, a pesar da súa raíz económica, teñen un enfoque holístico cun alcance a longo prazo, que trascenden os estreitos marcos cuantitativos e a curto prazo dunha estimación exclusivamente monetarista.

Abstract

In accordance with the annual meetings of the Transdisciplinary University Course on Environment, which I am honoured to direct and, organized by the Business and Economics Faculty of Santiago University, during the celebration of its VI meeting corresponding to 1994, a field survey of over 50 hours/person, in which I was helped by eight participants in the course¹ to carry out the enquiry according to DELPHI method in the council of Xinzo of Limia, invited by the Council² itself, to do an evaluation study about the concentration of land divided into plots proposed by Xunta of Galicia in three areas of that Ourense locality. Although the

research attempted to analyse the environmental impact which the project could cause on the environment, the work here discussed also questions that the achievement of the proposed objectives will be the main successful indicator of public intervention. In this way, other kind of qualitative indicators are added, necessary to show whether there was efficiency in the management and implementation, such as sustainable development, externalities, perennity factor, and Total Economic Value. All of them, despite their economical root, have a holistic approach with a significance in the long term which trespasses the strict qualitative framework, and in the short term, of an exclusively monetarist estimation.

PARTE XERAL

1. INTRODUCCIÓN

As teses fundamentais que se presentan neste estudio son:

1) A dificultade de obxectiva-la avaliación dunha política pública, pois dependerá dos parámetros que se consideren.

2) En relación co punto anterior, avaliar unha política pública, no sentido de considerar como un éxito da intervención pública que se chegase a alcanza-los obxectivos previstos³, non sempre é suficiente, xa que é preciso ter en conta as *externalidades* que se producen na implementación do programa, pois os obxectivos que se logran e que, mesmo, supoñan rendibilidade política para os decisores, puideron obterse por medio de métodos ineficientes.

3) En resumo, existe unha interdependencia entre os efectos desexados e outros non buscados que supoñan un custo social e para o medio no que se producen. Pero o impacto negativo que poidan supoñe-las externalidades sobre o medio non só se medirán a curto ou a medio prazo, senón tamén a longo prazo dentro do marco do *desenvolvemento sostible*.

4) Así mesmo, e implícito no concepto de *desenvolvemento sostible*, atópase o factor de *perennidade*.

5) Este, a súa vez, ha de terse en conta para o cálculo do *valor económico total*.

Os puntos anteriormente citados son imprescindibles para calquera toma de decisión política sobre proxectos con incidencia no medio ambiente e así poder avaliála como eficiente ou ineficiente. Non obstante, os conceptos enunciados aínda son escasamente aplicados (sobre todo os novidosos como o de perennidade e o do valor económico total). Nin sequera se chega á realización de pasos previos, como é a análise do impacto ambiental. Intereses políticos e económicos antepoñense a razóns ambientais ou, simplemente, trátase dunha inadecuada xestión por parte dos decisores políticos e da Administración. Como exemplo práctico disto, preséntase unha sinopse de estudio de caso: a concentración parcelaria de Xinzo de Limia (Ourense) correspondente ás zonas de Cima de Ribeira, Monte Boián e Novás-Gudín.

2. MODELO E MÉTODO

2.1. MODELO

■ **MARCO XERAL:** O modelo de referencia para a realización deste traballo é a planificación política capaz de integra-las cuestións económicas e ecolóxicas a partir do concepto de 'desenvolvemento sostible', que se define como o desenvolvemento que satisfai as necesidades do presente sen compromete-la capacidade de que as futuras xeracións poidan satisfacer-las súas propias necesidades⁴.

No mesmo sentido, o principio 8 da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento (CNUMAD) de 1992⁵ propón "reducir e elimina-las modalidades de produción e de consumo insostibles".

■ **EFICIENCIA:** A isto hai que engadi-lo artigo 130R da Unión Europea que propón como obxecto "a utilización prudente e racional dos recursos naturais (...) ademais de que as esixencias da protección do medio ambiente deberán integrarse nas demais políticas da Unión Europea"⁶. Esta 'utilización prudente e racional dos recursos naturais' é unha característica da eficiencia en tanto que se logran obxectivos ó mínimo custo posible, non só en termos económicos senón contemplando tamén as externalida-

des negativas (custos ambientais, sociais, culturais, etc.) e tratando de evitalas.

■ **INVESTIGACIÓN CUALITATIVA E HOLÍSTICA:** O exposto no punto 1 da Introducción inclúe, tamén, o enfrontamento de estratexias metodolóxicas entre paradigmas de investigación: a) *cualitativas* e b) *cuantitativas* ou, o que é o mesmo, fronte ó paradigma naturalista e holístico dos primeiros, que recolle os distintos tipos de valores da realidade de que se trate e permite facer estudos a longo prazo, atopámonos nos segundos cun paradigma positivista e particularista que aborda un sector da realidade e ó que só lle preocupa unha resposta a curto prazo. O modelo escollido neste estudio é global e cualitativo.

2.2. MÉTODO DE ANÁLISE

O motivo de estudar este caso foi debido á gran controversia existente a partir de 1990, sobre todo entre as posicións da Xunta de Galicia e do Partido Popular (á fronte do Concello) favorables á concentración parcelaria, fronte ás do PSOE e grupos ecoloxistas contrarios ás formas nas que se realizou a concentración.

Empregouse o Método DELPHI, combinando opinións expertas e opinións de interlocutores sociais e da poboación en xeral, utilizando un proceso de 'feed-back' entre as distintas opinións persoais e a súa análise. Evidentemente, o analista atópase ante unha confrontación de pareceres, ante o que intenta circunscribi-las áreas de acordo e de desacordo, tratando de unificar conclusións⁷.

Entre as numerosas persoas interrogadas, e por razóns de non esgota-lo espacio cunha longa lista, cito aquelas que destacan pola súa relevancia, ben como expertos ou ben por ser especialmente coñecedores da materia, aínda que —como é básico no Método DELHI— son totalmente confidenciais as contribucións dos entrevistados (neste sentido, as reflexións do texto e a análise final, aínda que baseadas nos datos obtidos, son atribuíbles unicamente á autora): D. Francisco Sineiro García, profesor da Universidade de Santiago de Compostela e ex-Conselleiro de Agricultura; D. Manuel Cao Fer-

nández, profesor da Universidade de Santiago de Compostela; D. Francisco Marín Muñoz, Xefe de Estructuras Agrarias na provincia de Ourense da Consellería de Agricultura; D. Fidel Ruíz Ortíz, Subdirector Xeral de Estructuras; D. Jacinto González, Xefe de Contratación de Agricultura en Ourense; D. José Manuel Gómez Gómez, de Extensión Agraria da Xunta de Galicia; D. Carlos Martínez Alonso, da Dirección Provincial do Ministerio de Agricultura; D. Antonio Sandoval Moreno, da Dirección Provincial do Ministerio de Agricultura; D. Isaac Vila Rodríguez, Alcalde do municipio de Xinzo de Limia; D^a Alicia Rivas Noguera, do Grupo Socialista do Concello de Xinzo de Limia; D. Gonzalo Iglesias Sueiro, do Grupo Socialista do Concello de Xinzo de Limia; D. Javier Ferreiro Loredó, representante do colectivo O Galo de Antioquía; D. Manuel García González, representante do colectivo ecoloxista da Limia (MEL). O criterio expresado acerca do tema da concentración en Xinzo de Limia diverxía entre eles dependendo do seu posicionamento ideolóxico ou da súa implicación directa nas actuacións.

Sen embargo, a meirande parte dos veciños afectados que foron entrevistados mostráronse a favor da concentración parcelaria (agás algúns sectores de poboación en Damil e en Gudín). Con respecto á poboación interesada, é moi difícil calcula-la porcentaxe que foi entrevistada pois, fronte á relación de propietarios de cada zona a concentrar, hai que ter en conta as persoas que realmente habitan nelas e que se encargan da explotación da terra, tanto como actividade principal ou como actividade secundaria. Neste sentido, convén aclarar que existe un bo número dos mesmos que non viven nin sequera en Xinzo de Limia, senón que teñen o seu domicilio no estranxeiro (Suíza, Alemaña, Francia, Gran Bretaña, Arxentina, Brasil, Venezuela, Cuba, Estados Unidos), ou noutras zonas de España (Barcelona, Madrid, Bilbao, Santa Cruz de Tenerife, Granada, e distintas cidades de Galicia). Se a todo isto lle engadimos que un mesmo propietario pode contar con varias terras, poderíamos cita-la cifra de arredor dun 60% de poboación interesada enquisada.

PRIMEIRA PARTE

3. ESTUDIO DO CASO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN XINZO DE LIMIA. CARACTERÍSTICAS XERAIS

3.1. XINZO DE LIMIA: ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS XEOGRÁFICAS

O municipio de Xinzo de Limia conta cunha extensión de 132,70 km² e dista 40 km de Ourense capital. As súas coordenadas son: 4°2'23'' lonxitude W e 42°3'48'' latitude N. Limita ó norte cos municipios de Sarreaus, Sandiás e Vilar de Santos; ó sur cos dos Blancos e Baltar; ó leste cos de Trasmiras e Sarreaus, e ó oeste con Porqueira. Segundo a Enciclopedia Galega, o seu relevo é "xeralmente chan e pouco accidentado, ocupa o fondo dunha depresión tectónica, de finais do Terciario, do Alto Limia, que durante moito tempo foi unha lagoa ou un lago co fondo a uns 500 metros de altitude⁸". Outras características que ter en conta son:

— Auga abundante pola depresión que noutro tempo foi a lagoa de Antela e onde nace o río Limia, que está canalizado na capital.

— Aproveitamento extractivo: Só existen algunhas canteiras de áridos e extraccións da antiga lagoa, moitas veces sen control e co deterioro conseguinte. Hai lignitos no fondo da lagoa, a unha profundidade de 100 m.

— Vexetación: Desenvolvemento forestal escaso, en áreas montañosas do seu límite sur e nororiental de Pena-Morgade.

— Máximo desenvolvemento de bosque en Cima de Ribeira, Mosteiro e Guntimil, degradación por incendios e cortas exhaustivas. Predominan caducifolias, principalmente castiñeiro e carballo, e nos ríos ameneiro e bidueiro. Arbus-to: toxo, breixo, carrasco e pasteiros (asociación de uces, cereais e leguminosas de desenvolvemento vertical).

— 6.300 ha son monte (400 ha forestal e o resto monte baixo, baldío e pastos).

— Cultivos: Considerables traballos de concentración parcelaria. Dificultades para a evacuación de augas pola topografía tan cha.

As zonas que se estudian neste traballo son: Zona de Cima de Ribeira (cadro 1), Zona de Monte Boián (cadro 2) —ámbalas dúas en fase de redacción e proxecto de concentración parcelaria—, e a Zona de Novás-Gudín (cadro 3), que se atopa na fase de bases provisionais:

— *Zona de Cima de Ribeira.* - Altitude: 740 m. Vivendas: 32, principais: 19; non principais: 13. Poboación: 45, homes: 25; mulleres: 20. Segundo o artigo 21 da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia de 1985⁹, fixéronse as seguintes clases distintas de terras¹⁰: seis clases de terras de labradío regadío; seis clases de terras de labradío sequeiro; seis clases de terras de prado sequeiro; seis clases de terras de prado regadío; tres clases de terras de monte.

— *Zona de Monte Boián.* - Altitude: 640 m. Vivendas: 111, principais: 54; non principais: 57. Poboación: 157, homes: 83; mulleres: 74. Segundo o artigo 21 da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, fixéronse as seguintes clases distintas de terras¹¹: seis clases de terras de cereal de sequeiro; tres clases de terras de prado de regadío; cinco clases de terras de monte; unha clase de terra de baldío.

— *Zona de Novás-Gudín.* - Altitude: 760 m. Novás: Vivendas: 42, principais: 33; non principais: 9. Poboación: 79, homes: 40; mulleres: 39. Gudín: Vivendas: 173, principais: 60; non principais: 113. Poboación: 175, homes: 89; mulleres: 86. Segundo o artigo 21 da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, fixéronse as seguintes clases distintas de terras¹²: sete clases de terras de labradío secaño, sete clases de terras de prado secaño, oito clases de terras de monte e unha clase de terras de inculto.

3.2. OBXECTIVOS DA POLÍTICA PÚBLICA DA XUNTA EN MATERIA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

A concentración parcelaria levada a cabo pola Xunta de Galicia defínese como un proceso técnico-xurídico, destinado a reduci-lo número de parcelas e a crear unha infraestrutura que mellore as condicións de produción. Estes obxectivos inclúen o incremento do ritmo de concentracións ata cumpri-lo programa que a continuación se relata.

PERÍMETRO DA ZONA E PARCELAS EXCLUÍDAS	
A zona para concentrar comprende unha superficie de 127,5626 hectáreas, distribuídas en 1416 parcelas pertencentes a 171 propietarios, polo que o perímetro da zona para concentrar responde ós datos seguintes:	
Superficie total	127,5626 ha.
Superficie excluída	14,9233 ha.
Superficie que concentrar	112,6393 ha.
Número de parcelas totais	1416
Número de parcelas que concentrar	1270
Número de parcelas excluídas	146
Número de propietarios	171
Este perímetro comprende os terreos da parroquia de Cima de Ribeira, pertencentes ó concello de Xinzo de Limia.	
Os límites da zona son os que a continuación se relacionan:	
Norte: Parroquia de Mosteiro (concello de Xinzo de Limia).	
Sur: Parroquia de Aguí (concello de Blancos).	
Leste: Parroquia de Soutelo de Ribeira (concello de Blancos).	
Oeste: Parroquia de Nocelo (concello da Porqueira).	
FONTES: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Servicio de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Ourense (1993) e Servicio Provincial de Estructuras Agrarias (1994).	
NOTA: Algunhas cifras non coinciden en ámbolos dous documentos. Axuste da autora.	

Cadro 1.- Concentración parcelaria da zona de Cima de Ribeira

PERÍMETRO DA ZONA E PARCELAS EXCLUÍDAS	
A zona para concentrar comprende unha superficie de 241,2659 hectáreas, distribuídas en 2767 parcelas pertencentes a 442 propietarios, polo que o perímetro da zona para concentrar responde ós datos seguintes:	
Superficie total	241,2659 ha.
Superficie excluída	1,5620 ha.
Superficie que concentrar	239,7039 ha.
Número de parcelas totais	2777
Número de parcelas que concentrar	2767
Número de parcelas excluídas	10
Número de propietarios	442
Este perímetro comprende os terreos do Monte de Boián de San Pedro de Laroa e Damil, pertencentes ó concello de Xinzo de Limia.	
Os límites da zona son os que a continuación se relacionan:	
Norte: Parroquia de Damil e zona concentrada de San Pedro de Laroa (concello de Xinzo de Limia).	
Sur: Parroquia de Conelas (concello de Blancos) e parroquia de Santa María de Laroa (concello de Xinzo de Limia).	
Leste: Zona concentrada de San Pedro de Laroa (concello de Xinzo de Limia).	
Oeste: Parroquia de Parada e parroquia de Damil (concello de Xinzo de Limia).	
FONTE: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xefatura Provincial de Estructuras e Desenvolvemento Rural de Ourense (1993).	

Cadro 2.- Concentración parcelaria da zona de Monte Boián e Damil

PERÍMETRO DA ZONA E PARCELAS EXCLUÍDAS	
A zona para concentrar comprende unha superficie de 883,8600 hectáreas, distribuídas en 7912 parcelas pertencentes a 486 propietarios, polo que o perímetro da zona para concentrar responde ós datos seguintes:	
Superficie total	883,8600 ha.
Superficie excluída	0,5995 ha.
Superficie que concentrar	883,2605 ha.
Número de parcelas totais	7912
Número de parcelas que concentrar	7908
Número de parcelas excluídas	4
Número de propietarios	486
Este perímetro comprende os terreos das parroquias de Novas e Gudín, pertencentes ó concello de Xinzo de Limia.	
Os límites da zona son os que a continuación se relacionan:	
Norte: Parroquia de Chamusiños, pertencente ó concello de Trasmiras.	
Sur: Parroquia de Lucenza, pertencente ó concello de Cualedro.	
Leste: Parroquias de Vilela e Vilar de Lebres, pertencentes ó concello de Cualedro e Trasmiras, respectivamente.	
Oeste: Parroquias de Garabelos e Niñodagua, pertencentes ó concello de Baltar.	
FONTE: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xefatura Provincial de Estructuras Agrarias de Ourense (1994).	

Cadro 3.- Concentración parcelaria da zona de Novas-Gudín

3.3. ACTORES

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia; Partido Popular do concello de Xinzo de Limia (maioría); Partido Socialista do concello de Xinzo de Limia; Colectivo O galo de Antioquía; Colectivo ecoloxista MEL; propietarios de fincas concentradas ou por concentrar.

A devandita Consellería é a responsable da política da concentración, aínda que son copartícipes na decisión os mesmos propietarios de Xinzo, xa que estes son os peticionarios de que se concentren as súas propiedades.

3.4. CALENDARIO

■ CONCENTRACIÓN PARCELARIA REALIZADA:

	Hectáreas (ha)
Boado-Pidre	340
Damil	257
Ganade	715
Xinzo	1.278

Lamas	880
Parada de Ribeira	634
S. Pedro de Laroa	232
Solveira-P. Seca	570
Paredes	584
Lagoa de Antela	700
Fiestras	275
Moreiras	515
Morgade	235
Total	7.191

■ CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN CURSO:

	Hectáreas (ha)
Zona de Cima de Ribeira	127,5626
Zona de Monte Boián e Damil	241,2659
Zona de Novas-Gudín	883,8600

O estudo que se presente a continuación refírese ó realizado ou previsto nestas tres zonas, e á visión retrospectiva que nos ofrece a concentración parcelaria xa efectuada en Xinzo de Limia.

4. COTAS SELECCIONADAS DO PROGRAMA

As zonas de Cima de Ribeira¹³, de Monte Boián e Damil¹⁴ e de Novás-Gudín¹⁵ forman un subprograma obxecto deste estudo e pertencen ó programa de concentración parcelaria que abrangue un total de 8360 ha, distribuídas entre os concellos de Baltar, Blancos, Calvos de Randín, A Porqueira, Rairiz de Veiga, Xunqueira de Ambía e o propio Xinzo de Limia.

Se temos en conta que a Lei de Concentración Parcelaria de Galicia de 1985 no seu artigo 1 contempla como obxectivo o promover e manter explotacións de dimensións e características axeitadas, estamos vendo que o obxectivo parece remitirse fundamentalmente ó aspecto cuantitativo e non cualitativo do espazo concentrado.

De feito, as concentracións parcelarias non teñen, polo momento, obriga de someterse a avaliación de impacto, aínda que sobre isto a Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural afirma ter feito estudos de impacto ambiental nalgúns zonas e de preparalos noutras; non obstante, o alcalde, en escrito de resposta á concelleira do grupo municipal do PSOE, D^a Alicia Rivas Noguera, recolle a petición desta de que se faga un estudo de impacto ambiental (a devandita petición da concelleira foi remitida á Dirección Xeral de Estructuras e Desenvolvemento Rural, que contestou ó alcalde o 21 de febreiro de 1994 indicando que tal estudio sería abordado nos orzamentos de 1994 para o que se contrataría unha empresa especializada).

Neste sentido, e segundo a disposición adicional 2^a da Lei 4/1989 de 27 de marzo, amplíase a lista de actividades sometidas a avaliación de impacto ambiental contida no anexo 1 do Real Decreto Legislativo 1302/1986 de 28 de xuño, coa inclusión na mesma das transformacións de uso do solo que impliquen eliminación da cuberta vexetal arbustiva ou arbórea e supoñan risco potencial para as infraestruturas de interese xeral da nación e, en todo caso, cando estas transformacións afecten a superficies superiores a 100 ha. Así, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente (MOPTMA) prevé somete-la concentración parcelaria á análise de impacto ambiental, de acordo coa nova Lei de Avaliación de Impacto Ambiental.

Non obstante, a Lei de Protección Ambiental de Galicia de 1994¹⁶, no seu artigo 13, expón que "están sometidas ó procedemento de previa avaliación de incidencia ambiental tódalas actividades que figuren no nomenclátor que ó respecto se aprobe por decreto da Xunta de Galicia, así como aquelas outras que, non estando incluídas no mesmo, merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, conforme ás seguintes definicións" e engade no seu punto c) "nocivas: as que polas mesmas causas poidan ocasionar danos á riqueza agrícola, forestal, pecuaria, faunística o piscícola".

Parece evidente que o devandito punto c) debería afectar ás concentracións parcelarias e non só porque supoñen unha transformación da paisaxe e da superficie agrícola útil senón porque, ademais, adoitan levar tamén consigo unha modificación no sistema de valores tradicionais e apegos da sociedade rural¹⁷. Na mesma liña, o artigo 4 da Lei de Protección Ambiental de Galicia de 1994 recolle como ámbitos de protección "o medio ambiente constituído pola poboación, a fauna, a flora, a diversidade xenética, o solo, o subsolo, a auga, o aire, o clima e a paisaxe, así como a súa interrelación entre os elementos antes mencionados, os recursos naturais e culturais, incluído o patrimonio arquitectónico e arqueolóxico, en canto poden ser obxecto de contaminación e deterioración por causas ambientais".

En todo caso, sería conveniente, 'aproveitando' que aínda non existe unha lei básica xeral estatal de medio ambiente, que canto antes se redacte e contemple de forma integradora, ademais da normativa ambiental da Unión Europea e da normativa relacionada coa idiosincrasia do noso país, as lagoas doutras normativas como é o caso das concentracións parcelarias.

5. ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE A AVALIACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA EN XINZO DE LIMIA

En tanto que a política relativa á concentración parcelaria de Xinzo de Limia logra implementarse en cada unha das tres zonas arriba mencionadas, conseguindo cando menos que se cumpra o obxectivo de amplíalas dimensións das terras, é dicir, que se teña cumprido o binomio obxectivos/resultados, daquela:

• *¿PODEMOS AFIRMAR POR ISTO QUE A INTERVENCIÓN PÚBLICA FOI UN ÉXITO?*

Antes de respondermos esta pregunta, observémoslos distintos pareceres, tendo en conta que cando se menciona 'concentración' na relación de pro/contra refírese a terreos que están por *debaixo* do concepto de 'unidade mínima de cultivo'. Considérase esta unidade como a extensión suficiente de cada parcela que permite levar a cabo as tarefas fundamentais de cultivo, utilizando os medios normais de produción e logrando un rendemento satisfactorio seguindo criterios de racionalidade técnica e económica:

As reformas dos anos 50 en España, levadas a cabo por Rafael Cavestañy, Ministro de Agricultura, coa Lei do 20 de decembro sobre concentración parcelaria, non só pretendía reducir los custos e aumentar la produción cambiando a man de obra escasa por capital introducindo a maquinaria no cultivo²² senón que tamén había un programa global para mellorar las zonas afectadas, tanto en infraestructuras como no asesoramento, creación de cooperativas, etc²³. Pero a situación do noso país na fin de 1994 non é a mesma e na actualidade hai unha elevada taxa de paro laboral e dende a Unión Europea aconséllase reducir la utilización de métodos de

A FAVOR DA CONCENTRACIÓN	CONTRA A CONCENTRACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> — Aproveitamento único do solo. — Fonte única de recursos e de produción económica. — Maior produción, pero non diferenciada, o cal reduce as posibilidades das nosas rexións, en prezo de mercado, ante a competencia con outras rexións máis avanzadas¹⁸. — Economía dependente (tanto de sementes foráneas e praguicidas, como de subvencións). — Esgotamento de recursos a medio e/ou longo prazo. — Propensión ás pragas. — Contaminación por praguicidas. — Destrucción de flora e fauna autóctonas. — A concentración evita a dispersión e trata de agrupa-las terras de cada propietario, facilitándolle con iso o seu coidado. — En terreos xa concentrados e máis grandes pódese introducir a mecanización na agricultura¹⁹. — Alta eficacia productiva por hectárea e por unidade de traballo. — Monotonía de paisaxe. — Acceso directo a camiños. — Trazado de pistas e destrución da paisaxe. — Corta de árbores e, no caso da repoboación para produción, plantación non diversificada de árbores. — Maior risco e menor resistencia ós incendios. — A curto prazo, mantemento da poboación rural²¹. 	<ul style="list-style-type: none"> — Aproveitamento múltiple do solo. — Diversos aproveitamentos de recursos e fontes de produción económicas. — Menor produción, pero calidade dunha oferta diferenciada. — Economía autosostida. — Duración de recursos naturais a longo prazo. — Maior resistencia ás pragas. — Menor uso de praguicidas. — Conservación de flora e fauna autóctonas. Biodiversidade. — Terras dispersas, o que motiva o abandono de coidados por parte do agricultor, por non poder desprazarse a todas. — Nas terras pequenas resulta moi difícil introducir maquinaria para a explotación agraria. — Baixa eficacia productiva por hectárea e por unidade de traballo²⁰. — Diversidade de paisaxe. — Serventía. — Camiños tradicionais integrados na paisaxe. — Diversificación na produción da madeira. — Menor risco e maior resistencia ós incendios. — A curto prazo, diminución da demografía rural.

FONTE: María García Añón, 1994.

producción intensiva e a retirada de terras de cultivo. Hoxe en día, pode resultar máis rendible no mercado a calidade e a diversidade da oferta (compaxinados coa protección ambiental e o desenvolvemento sostible) cá superproducción (que con frecuencia arrasou o contorno). É tamén o mercado o que fixa os criterios de orientación e selección de actividades, as cales tenderían cara ó ideal do desenvolvemento sostible se conxugaran unha demanda realizada por consumidores concienciados ecoloxicamente e unha modernización que conxugara produtividade competitiva e diversidade. Así mesmo, é preciso forma-los traballadores do campo, informálos e mostrárlle-los procedementos de cultivo non agresivos para o medio. Pero estes obxectivos non son fáciles de conseguir no ámbito galego; de feito, en Xinzo de Limia, o individualismo fixo fracasalo cooperativismo campeño. Ademais, o galego non é moi partidario de asumir novas iniciativas económicas e procesos de actuación individual que producen unha falta de inserción no mercado e no complexo agroalimentario²⁴.

• *¿PODEMOS, DAQUELA, FIARNOS DUNS RESULTADOS SECTORIAIS, E ECONOMICAMENTE POSITIVOS A CURTO PRAZO, PERO QUE PRODUCEN EXTERNALIDADES AMBIENTAIS E NON ASEGURAN O SOSTEMENTO DOS RECURSOS?*

Aínda que a meirande parte dos propietarios aprobaron a realización da concentración parcelaria por razóns que van dende conseguir un camiño para o paso dos tractores ata unha maior cotización dos seus terreos ó reunirse pequenas e dispersas parcelas noutras máis grandes, existen en Xinzo de Limia colectivos que defenden que a concentración parcelaria —sen estaren en contra dela— foi realizada de forma absolutamente agresiva. Evidénciano as 'pistas' perforadas a unha profundidade insólita da superficie. En canto á alternativa ecoloxista, propón:

1) Obrigatoriedade de realizar avaliacións de impacto ambiental para as futuras concentracións e tamén estudos socioeconómicos serios e rigorosos sobre a súa viabilidade e rendibilidade, que teñan carácter vinculante.

2) Adopción de medidas preventivas e correctoras respecto da flora e da fauna co fin de conseguir esa calidade da paisaxe que se acon-

sella dende a Unión Europea, que, por outro lado, axudaría a potencia-lo agroturismo.

3) Prohibición da construción de pistas e outras obras ata que non se aproben as bases definitivas, medida importante para frear de entrada a especulación coas árbores autóctonas.

4) Aproveitamento dos camiños existentes, evitando un exceso de pistas.

5) Procurar que as lindes das novas parcelas coincidan, dentro do posible, coas sebes vexetais naturais e coas liñas de árbores primitivas, trazando así parcelas que non necesariamente sexan cuadrículadas e rectilíneas.

6) Valoración dos arboredos, aumentando a puntuación das terras que os posúan.

7) Respecta-los cursos da auga e non altera-las capas do solo con máquinas.

A devandita concentración debería estar acorde co desenvolvemento sostible e ser non só eficaz senón tamén eficiente, logrando os obxectivos previstos ó menor custo posible. Iso implica que non só se debe avaliar unha posible rendibilidade de cultivo senón que tamén se ten que ser respectuoso co contorno natural. Respecto a iso, o monocultivo da pataca (a pataca de Xinzo de Limia ten recoñecida a denominación de *producto galego de calidade*: 'pataca de Galicia')²⁵ non só fai a economía de Xinzo de Limia dependente dos prezos do mercado, senón que tamén está degradando cada vez máis o solo debido ó emprego masivo de fungicidas para evita-las pragas.

Pero non só é o enfrontamento entre a concepción do desenvolvemento sostible e o crecemento senón que tamén, á hora de avaliá-los resultados, hai que traballar coa dificultade dun control que se atopa na conxunción de, por un lado, unha racionalidade técnica que cuestiona se os fondos públicos foron utilizados de maneira apropiada, legal e eficiente e, por outro, unha racionalidade política que cuestiona se os fondos foron empregados seguindo as preocupacións dos parlamentarios, do goberno e dos cidadáns; estas dúas racionalidades non teñen por que concordar necesariamente nas súas esixencias.

Por outra parte, poñe-la atención principalmente nos resultados fai confuso considerar quen son os responsables dos mesmos: políticos, axencias ou funcionarios, pois, ademais dos casos nos que actuación supón un labor de conxunto, existen outros nos que pode necesitar-

se unha identificación máis precisa e, daquela, atopamos que na práctica, a miúdo, é difícil trazar unha fronteira entre o operacional e o político²⁶. Como di Lindblom²⁷, "todo o complexo e semioculto mundo da política, frecuentemente imposibilita a asignación de responsabilidades polo éxito ou polo fracaso nas políticas públicas".

Os resultados tamén estarán afectados polo grao de participación co que actuaran os mediadores, como asociación e público interesado, nas decisións públicas, por medio de negociación cos decisores políticos: o marco da democracia inclúe a pluralidade de puntos de vista heteroxéneos, que fará aumenta-los custos de decisión e de imposición.

En todo caso, a valoración da implementación dunha política pública determinada non pode estimarse de fracaso ou de éxito tan só porque cumprira os *obxectivos* que inicialmente se fixaran: é preciso, tamén, medir non só o grao de *eficacia* obtida (consegui-los obxectivos propostos) senón tamén o de *eficiencia* (os logros han darse co mínimo custo posible nos ámbitos medioambiental, social, económico e cultural), incorporando a este último concepto a avaliación das *externalidades* que puideran producirse e o grao de *perennidade* que se conservara do recurso natural afectado cara ó seu deleite por futuras xeracións dentro do marco do *desenvolvemento sostible* (cadro 4).

SEGUNDA PARTE

6. VALOR ECONÓMICO TOTAL²⁸

O valor dun ben, dentro das leis de mercado, está relacionado coa súa condición de 'escaseza' (ser un ben máis ou menos escaso) nun tempo determinado. Pero, ó falarmos de recursos naturais, enfrontámonos non só ó problema da escaseza dun produto cun ciclo de uso que pode terminar en si mesmo (imaxinemos unha paisaxe na que a súa maior utilidade sexa a contemplación da súa beleza) senón que nos atopamos ante uns bens cun ciclo que implica ó propio ciclo da vida e a outros ciclos de produción. Por outra parte, a estimación monetarista pode non corresponderse por completo co valor ecolóxico. Este último, contempla tódolos custos de utilización actual dun recurso, incluíndo a posibilidade do seu esgotamento se non se utiliza de maneira que garanta a súa *perennida-*

de, cuidando a súa reconstitución. A isto hai que engadir tódolos custos externos ligados á utilización dos recursos, contemplando os efectos negativos que non son internalizados; mesmo o simple feito de que perige a perennidade dun recurso entraña o risco de que xurdan custos externos. Cando o acceso ó ben é libre, non se adoitan ter en conta os custos externos nin os custos para o utilizador, polo que hai tendencia a abusar da súa utilización sobreexplotando o recurso.

A continuación, expónse a formulación do valor económico total como elemento de medición do valor dos recursos naturais, e que engade a novidade sobre os sistemas tradicionais de incorpora-lo valor de opción e o valor de existencia ó habitualmente manexado valor de consumo. Tódolos conceptos que a seguir se expresan son aplicables á valoración de recursos naturais 'sacrificados' na concentración parcelaria de Xinzo de Limia.

O Valor Económico Total (*VET*) dun recurso natural é de suma importancia para a avaliación do medio ambiente, xa que nos dá unha idea dos diferentes tipos de valores que se consideran para a protección e mellora dun ben ambiental. Está formado pola suma dos seguintes valores cos que conta o devandito recurso:

— Valor de consumo (*Vc*): É o seu valor como materia prima.


— Valor de opción (*Vo*): É o valor de conserva-la facultade de utilizar tal recurso no futuro, isto é, é o valor que se lle atribúe á posibilidade de utilizar un recurso no futuro, transmitido polas xeracións presentes ás vindeiras (para o cal debe estar garantida a súa perennidade) como 'valor patrimonial'²⁹, que poderá ser aproveitado ou non.

— Valor de existencia (*Ve*): É o valor do recurso polo simple feito de existir, independentemente de que sirva para algo (*Vc*) ou de que teña a posibilidade de facelo (*Vo*).

É dicir,

$$VET = Vc + Vo + Ve$$

O *VET* pode ser interesante cando se trata de tomar unha decisión, como por exemplo a de utilizar un recurso para dedicalo a espacio natural protexido, fronte a outro tipo de utilización. Trátase de facer un balance custos-benefi-



FONTE: María García Añón, 1994.

Cadro 4.- Proposta de esquema para a concentración parcelaria en Galicia

cios para ve-la súa viabilidade, que quedaría xustificada se:

$$Bu - Ct - Br > 0$$

onde,

- Bu* Beneficios derivados da utilización prevista.
- Ct* Custo da transformación necesaria para a nova utilización.
- Br* Beneficios relacionados coa existencia do espacio natural ó que habería que renunciar.

Bu e *Ct* son os termos que utilizaríamos considerando unicamente o interese privado pero, como na decisión se debe tamén ter en

conta un beneficio social, utilízase tamén este último termo *Br* que corresponde ós custos externos que, normalmente, son descoñecidos e que, de feito, debe estar medido por medio do *VET*, substituíndo na anterior expresión *Br* por *VET*:

$$Bu - Ct - VET > 0$$

É moi importante ter en conta que o *VET* pode ser maior cós valores de conservación considerados sobre valoracións de tipo recreativo. Non se debe ignorar nin minimizar los valores de opción nin os de existencia, que tamén entran no *VET*. A toma de decisión, á hora de ter en conta as preferencias no conxunto de opcións, contemplará intereses a 'longo prazo'

con menos 'rendibilidade política' pero acordos cos parámetros do desenvolvemento sostible.

7. APROXIMACIÓN DE AVALIACIÓN

Está demostrado que as concentracións parcelarias —e máxime en Galicia onde imperan as divisións minifundistas da propiedade— supoñen unha rendibilidade económica tanto de cara a considera-lo cultivo como tamén na valoración das terras, que non só se agrandan senón que tamén quedan próximas a novos camiños ós que poden acceder sen ter que atravesar por medio da leira do veciño, feito que ten provocado máis dun conflito. Non obstante, os supostos beneficios poden non compensar, se temos en conta as externalidades non desexadas que producen, cando o que podería ser un obxectivo axeitado —por exemplo, unha concentración parcelaria— impleméntase de forma incorrecta:

1) A concentración en Xinzo supuxo uns tres anos de baixa produción e deterioración da terra debido a que o campesiño, coñecedor de que as súas terras ían ser concentradas, deixaba de coidalas adecuadamente para 'non deixarlle ganancias a quen as recibira'.

